

O Decreto 135/2007, do 12 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fixa os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2007/2008 (DOG do 16 de xullo de 2007), ao abeiro do que establece a Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro de universidades.

No Anexo a este decreto, alínea 1.2 Ensinanzas renovadas (prezo dun crédito) establécese o importe de cada crédito en función do número de matrículas, primeira, segunda, terceira, cuarta e sucesivas matrículas, pero ademais desta división o importe do crédito tamén será diferente segundo o epígrafe no que se encadren as ensinanzas que matricula alumno, de tal xeito que en relación coas que imparte a USC, inclúense no Epígrafe A) todas as Experimentais e de Ciencias da Saúde e as Técnicas, así como a titulación de Comunicación Audiovisual que pertence ao ámbito das Ciencias Xurídico Sociais correspondendo ao epígrafe B) todas as demais.

En función desta división das ensinanzas a alínea que corresponde á tarifa primeira, actividade docente, regula os prezos dos estudos conducentes ao título de máster oficial establecendo “

*“Estudos conducentes a un título de máster con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe A) 27,20 € crédito*

*Estudos conducentes a un título de máster con denominación correspondente a un dos títulos especificados na epígrafe B) 18,48 € crédito”*

Non obstante o anterior esta clasificación non resulta adecuada en tanto que os estudos de máster están dedicados á formación avanzada de carácter especializado é multidisciplinar, combinando ensinanzas de ciencias da saúde con outras de tipo xurídico social, ou destas coas humanidades, polo que a súa especialización, tanto académico como disciplinar impide manter a denominación das actuais titulacións de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou diplomado para a aplicación dos correspondentes prezos públicos.

Verbo de todo o anterior co obxecto de realizar o encadramento dos títulos de máster oficial aprobados polos Decretos 51/2006 e 13/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas epígrafes A) ou B) da tarifa primeira do Anexo do Decreto 117/2006 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## **RESOLVO,**

**PRIMEIRO.-** Os títulos oficiais de máster da USC aos efectos de liquidación dos prezos públicos teñen a seguinte correspondencia coas epígrafes A) e B) do Decreto 135/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

Máster epígrafe A)	€/ crédito 27,20	Máster epígrafe B)	€/ Crédito 18,48
Enxeñaría Ambiental		Dirección e Planificación do Turismo	
Enxeñaría Biotecnolóxica		Historia Contemporánea	
Enxeñaría Matemática		Servizos Culturais	
Neurociencias		Educación, Xénero e Igualdade	
Química Avanzada		Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	
Química Orgánica		Xestión e Dirección Laboral	
Xerontoloxía		Lóxica e Filosofía da Ciencia	
Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural			
Fotónica e Tecnoloxía do Láser			
Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética			
Estatística e Investigación Operativa			
Ciencias da Visión			
Riscos Laborais e Saúde Medioambiental			

**SEGUNDO.-** Os créditos de formación adicional, que de ser o caso, deba realizar o alumnado deberán liquidarse polo prezo do crédito establecido para cada un dos másters, segundo a táboa.

**TERCEIRO.-** Os prezos a aboar pola acreditación de competencias (validación) que deba realizar o alumnado, serán do 25 % do prezo de cada crédito segundo a táboa e o máster no que se matricule o alumno.

**CUARTO.-** Os alumnos procedentes das titulacións de Graduado Superior de Biotecnoloxía, Enxeñaría Ambiental e Xerontoloxía que non finalizaron os estudos e que deban de adaptarse ás novas ensinanzas de máster na que se transformaron esas titulacións propias, non liquidarán prezos públicos pola acreditación de competencias (adaptación). Esta liquidación só se fará polas materias ou módulos que deba matricular o alumno para a consecución do título de máster.

**QUINTO.-** Os alumnos que matriculen materias de libre elección para a libre configuración curricular pertencentes a programas oficiais de posgrao (máster oficial) deberán liquidar os prezos públicos por crédito que corresponda ao máster ao que pertence a materia.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2007

O REITOR,



*me*  
Enén Barro Ameneiro